



CONCELLO DE ARANGA

APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POR RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO ANO 2025.-

Por resolución da alcaldía do 08/07/2025 aprobose o padrón da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ao ano 2025, o que se expón ao público durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para a súa notificación colectiva ao abeiro do establecido no artigo 102.3 da lei 58/2003 do 17 de decembro Xeral Tributaria. Publicarase igualmente no tablón de edictos da sede electrónica de Aranga.

Durante o dito prazo o padrón estará a disposición dos interesados no concello, a efectos de poder formular as reclamacións oportunas.

De non presentarse reclamacións durante o dito prazo, considerarase definitivamente aprobado o padrón fiscal.

A recaudación das débedas será realizada pola Deputación Provincial de A Coruña na forma e nas datas que pola mesma se sinalen.

Contra o acto de aprobación do padrón, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende a notificación da resolución. Transcurrido un mes dende a interposición do recurso de reposición sen que recaiga resolución expresa, entenderase desestimado e poderá interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses. Todo isto sen prexuício de calquera outro recurso que estime conveniente.

Aranga, 8 de xullo de 2025

O alcalde. Asdo. Alberto Platas Álvarez